


Feridas herdadas

Con marcado ritmo poético

ROCÍO MOAR QUINTELA

As horas rotas, de Chelo Suárez Muíños (A Coruña, 1945), foi a obra gañadora do Premio Manuel Loureiro Rey de novela curta, 2010, unha obra na cal o tempo detido nas agullas do reloxo vén reflectir metaforicamente a esgazadura que provocou a Guerra Civil na vida de tantos homes e mulleres... Dese xeito, a través de diferentes planos espaciais e temporais, imos reconstruíndo as vidas dos protagonistas e comprendendo á vez o exilio interior e exterior ao que se viron obrigados.



O medo, a perda prematura da inocencia, os terribles sacrificios e vinganzas e a dor máis profunda contrastan na aldea de Taboira co gozoso fluír da vida no bosque. A fraga, con toda a súa sensualidade e maxia, vaise converter no refuxio duns mozos que descubren o amor, bálsamo da dor física e moral. Pero tamén daqueles que foxen á morte.

Máis alá das feridas herdadas, a lectura da novela deixa sempre un espazo aberto ao rexurdimento e á esperanza no futuro. Plantexa a necesidade de perdoar para esconxurar as pantasma do pasado e para mitigar as secuelas deixadas en varias xeracións.

Máis alá dunha reelaboración ideolóxica do noso pasado histórico, a autora ofrécenos con esta novela unha evocación emotiva e sentimental cun marcado ritmo poético onde a maxia de raíz celta se mestura co realismo máis cru.

SUÁREZ MUÍÑOS, Chelo, *As horas rotas*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2010, PVP.14 €